

R

Roland-Garros, en Eurosport 4K, con R

- *Dende o 26 de maio ata o 9 de xuño, os/as clientes/as de televisión de R poderán gozar de toda a emoción do torneo parisiense grazas á extensa cobertura en Eurosport 1 e Eurosport 2.*
- *Así mesmo, poderanse ver ata cinco partidos diarios dende a pista central Philippe-Chatrier en ultra alta definición a través da canle Eurosport 4K.*



Xoves, 23 de maio de 2024.- Os/as clientes/as de **TV Total de R** poderán gozar, máis unha vez, coa máxima calidade de imaxe, da 123ª edición do torneo Roland-Garros, que emite ao completo e en directo Eurosport **dende o domingo 26 de maio ata o 9 de xuño en París.**

A ampla cobertura de Eurosport nas súas canles (Eurosport 1, dial 70, e Eurosport 2, dial 71) durante as dúas semanas nas que se desenvolve o segundo Grand Slam do ano estará encabezada polos/as seus/súas expertos/as Álex Corretja, Carla Suárez, Nico Almagro, Anabel Medina e un amplo equipo de comentaristas. Ao mesmo tempo, ao rematar cada xornada, o programa '*Pasando bolas*' traerá a análise da actualidade de Roland-Garros en Eurosport 2.

Ademais, o **campionato Grand Slam máis emblemático do ano tamén estará dispoñible a través de Eurosport 4K** no dial 69 para os/as clientes/as de TV Total sen custo adicional, onde emitirá todos os partidos que se disputen sobre terra batida da pista central **Phillippe-Chatrier** en **ultra alta definición**, grazas á diferenciación que proporciona a tecnoloxía 4K combinada coa calidade da rede de **R**.

Por outra banda, os partidos poderanse ver **ata en 6 dispositivos**, e os fans do tenis poderán repetir unha e outra vez os seus momentos máis emocionantes grazas a **funcionalidades** como *gravación*, *rebobina* (volver ao comezo dun programa xa empezado) ou *últimos 7 días* (acceso á programación emitida durante a última semana), dispoñibles nas canles **Eurosport 1** e **Eurosport 2**.

Máis emoción ca nunca sobre a pista parisiense

Esta nova edición de Roland-Garros preséntase cun prognóstico moito máis incerto do habitual. Logo da súa ausencia en 2023 por lesión, **todos os afeccionados agardan a presenza de Rafa Nadal**, gañador en París en 14 ocasións, no que moi probablemente será o seu derradeiro Roland-Garros. Só el e o vixente campión, o serbio **Novak Djokovic**, ergueron a Copa dos Mosqueteiros nas oito últimas edicións. No tocante ao outro español aspirante ao título, **Carlos Alcaraz**, xa ten dous títulos de Grand Slam, pero aínda non pisou ningunha final en París.

Na categoría feminina a polaca Iga Swiatek buscará o seu cuarto triunfo, após erguer a Copa Suzanne Lenglen en 2020, 2022 e 2023.

Como cada ano no que hai cita olímpica de verán, o campionato parisiense supón a derradeira oportunidade de clasificarse, xa que o corte se realiza a semana seguinte.

Sobre R

R é o operador de telecomunicacións líder de Galicia, que ofrece servizos de Internet, telefonía fixa, telefonía móbil, banda larga e televisión dixital; e, para empresas, solucións IoT (Internet das cousas), tecnoloxía de Smart Cities e Industria 4.0. **R**, marca recoñecida con forte implicación local e líder en fibra óptica e en servizos converxentes de telecomunicacións, é a opción preferida nos fogares e empresas de Galicia onde ten despregada a súa rede de fibra óptica, superando xa a cifra de 1,7 millóns de fogares cubertos con esta tecnoloxía, a máis avanzada do mercado, e o 90 % da poboación de Galicia con dispoñibilidade de acceso ao 5G.

Sobre Agile TV

TV Total é o servizo de televisión que ofrece Agile Content prestado por OVER THE TOP NETWORKS IBÉRICA, S.L.U. e que poden contratar os/as clientes/as directamente ou a través dos operadores MASMOVIL, Yoigo, Guuk, Parlem, Euskaltel, **R**, Telecable, Virgin telco, RACCTel+ e Embou, entre outros. Presente en máis de 800.000 fogares, Agile TV é un dos primeiros provedores de televisión de pago en España e está entre os 30 principais de Europa. Ofrece unha solución de entretemento familiar e integral que combina TDT, canles Premium, aplicacións de terceiros e xogos, todo iso integrado nun mesmo lugar. Agile TV ofrece máis de 20.000 horas de contido a través de canles de gran recoñecemento como Star, AXN, Warner TV, TCM, AXN Movies, Discovery, Disney Jr, National Geographic ou COSMO, entre outras.

comunicación R

prensa@mundo-r.net

R.gal